


Unidade 3 (II): Técnicas administrativas básicas



Actividade 1: Se unha empresa soamente fabrica para atender a demanda real:

- a) Que tipo de stock emprega esta empresa?**
- b) Que se consegue con este tipo de stock?**

Rotación de stock: É o número de veces que o artigo pasa polo proceso de ser vendido, saír do almacén e ser cobrado, nun período de tempo, recuperando así a inversión realizada ó adquirilo.

Un índice de rotación alto indica que os produtos se venden rápido, mentras que si é baixo significa que as vendas son baixas, os produto móvense pouco e botan tempo almacenados.

Rotura de stocks: Prodúcese cando no almacén non hai as suficientes existencias para atender os pedidos dos clientes.

Stock de seguridade: Constitúese para evitar as roturas de stock. Sirve para facer fronte as demandas anómalas dos clientes, ás demoras de entrega de stock nos provedores ou imprevistos.

Ss= CM x (PME -PE)

CM→ Consumo medio de material

PME→ Plazo máximo de entrega en caso de retraso na entrega

PE→ Plazo de entrega habitual

Ejemplo:

Unha empresa consume 5 unidades diarias de media. O proveedor tarda 6 días en suministrar de maneira habitual, e 8 días como máximo si o fai con retraso.

CM→ 5 unidades diarias de media

PME→ 8 días de plazo máximo en caso de retraso.

PE→ 6 días de plazo de maneira habitual

$Ss = 5 \times (8-6) = 10$ unidades de stock de seguridade.

Punto de pedido: É o número de unidades que temos no almacén que nos avisa de que temos que facer un novo pedido para non quedarnos sin existencias e teñamos unha rotura de stock.

$$Pp = Ss + (PE \times CM)$$

$Ss \rightarrow$ Stock de seguridade

No exemplo anterior sería:

$Ss = 10$ unidades (resultado do exercicio anterior)

$PE = 6$ días de prazo de maneira habitual

$CM = 5$ unidades diarias de media

$Pp = 10 + (6 \times 5) = 40$ unidades. Cando no almacén nos queden 40 unidades de mercancía será o momento de facer un novo pedido ó proveedor para evitar unha rotura de stock.

Actividade 2: A fotocopiadora dun instituto gasta 5 paquetes diarios de papel. O proveedor tarda habitualmente 3 días en suminístralo e unha semana no peor dos casos. Calcula o stock de seguridade e o punto de pedido sabendo que nestos momentos no almacén quedan 50 paquetes de papel.

Actividade 3: Roal é unha empresa industrial na que se consumen 1.100 unidades de media diarias. O prazo de entrega do proveedor é de 6 días. Ten calculado un stock de seguridade de 2.500 unidades. Calcular o punto de pedido.

Actividade 4: Unha empresa adicada á distribución de material eléctrico consume 700 unidades de media. O prazo de entrega do proveedor son 3 días e o stock de seguridade 1.000 unidades. Calcular o punto de pedido.

Actividade 5: Asocia os seguintes conceptos coa súa definición:

a) Stock especulativo	1. Créase para facer fronte ás vendas que se producen nunha estación ou temporada.
b) Stock activo ou de ciclo	2. Contitúese para evitar roturas de stocks. Serve para facer fronte ás demandas anómalas dos clientes ou demoras de prazo de entrega.
c) Stock de seguridade	3. Créase para facer fronte á demanda normal dos clientes. Evoluciona entre un máximo e un mínimo
d) Stock óptimo	4. Trabállase baixo demanda, é decir, soamente se produce cando teñamos unha demanda concreta.
e) Stock estacional	5. Créase cando se prevé que a demanda dun ben vai incrementarse nunha gran cuantía.
f) Stock cero ou just in time	6. Permite cubrir as previsións óptimas de vendas e unha maior rentabilidade dos artigos almacenados en relación ó capital invertido.

a)	b)	c)	d)	e)	f)
----	----	----	----	----	----

Actividade 6: Unha empresa industrial consume 1.000 unidades de media diarias de materia prima. O seu proveedor tarda uns 5 días en suministrar os pedidos e, en caso de retraso, o seu prazo máximo de entrega é de 10 días.

Calcula:

- a) O stock de seguridade**
- b) O punto de pedido**

Actividade 7: Calcula o punto de pedido dunha empresa comercial que precisa como media 400 unidades diarias, o prazo de entrega do proveedor é de 7 días, e o stock de seguridade é de 3.500 unidades.

Actividade 8: Unha empresa industrial consume unha media de 1.000 unidades. O seu stock de seguridade é de 800 unidades e o prazo de entrega do proveedor suele ser de 2 días. Calcula o punto de pedido.